

# PÓRTICO

José Leira López  
Profesor de Socioloxía.  
Universidade da Coruña

Os estudos que neste libro se presentan son o resultado do Curso-Proxecto Cultural denominado «Aulas no Camiño», organizado pola Facultade de Humanidades, que se desenvolveu en agosto de 1996, baixo o epígrafe de «O Camiño Inglés e as rutas atlánticas de peregrinación a Compostela».

«Aulas no Camiño» trata de estudar, dun xeito multidisciplinar, a realidade galega que atravesan os Camiños de Santiago, para elo, un grupo de profesores, acompañados por quince alumnos da Facultade de Humanidades, realizamos no verán do 96 un traballo de investigación sobre distintos aspectos da realidade galega atravesada polo Camiño que vai dende Ferrol e Neda a Compostela, continuando –como facían algúns peregrinos medievais– ata alcanzar o océano que se abre, inmenso, no Finisterrae.


«Aulas no Camiño» desenvolveuse dunha forma itinerante (camiñando polas mañáns –en etapas de, aproximadamente, vintecinco quilómetros– e investigando polas tardes). Neste aspecto debemos agradecer a colaboración de tódolos concellos que balizan o Camiño, que nos cederon as súas Casas de Cultura para poder expoñer as nosas ponencias, así como resaltar o trato exquisito de todos os alcaldes que, sin excepción, nos recibiron nos Salóns de Plenos das diferentes Casas do Concello. Así mesmo, a nosa consideración ós distintos cronistas oficiais e a moi diversas persoas que nos fixeron interesantes aportacións sobre as bisbarras atravesadas.

Nesta investigación pretendíamos lograr unha combinación entre os estudos do pasado –que nos achegarían ás claves históricas– e unha análise do presente, que conseguira situarnos ante a realidade latexante de hoxe en día. E isto foi algo que quixemos afrontar dende esa, xa mentada, perspectiva multidisciplinar que integrou ás seguintes áreas de coñecemento: Antropoloxía, Composición Arquitectónica, Dereito, Historia Antiga e Medieval, Historia da Arte, Lingua Galega, Socioloxía e Xeografía.

É o noso desexo deixar nestas liñas un agradecemento a tódalas entidades públicas e privadas que fixeron posible que este proxecto se levase a cabo; dun xeito especial á Xunta de Galicia, Concellos de Ferrol, Fene e Neda, Federación Gallega de Vela, Astano, Ateneo Ferrolán e á Cruz Vermella e Cofradía de Pescadores de Cedeira (especialmente, ó patrón e tripulación do barco pesqueiro O Sarridal, que fixeron con nós unha primeira etapa, simbólica, representada na travesía marítima Cedeira-Ferrol). Debemos, tamén, destacar o respaldo das autoridades académicas da Universidade da Coruña: o seu apoio e ánimo constante lograron que o camiño deste estudio –que hoxe presentamos– fose máis doado de transitar. E gracias a tódolos compañeiros –profesores deste curso–: Víctor Alonso Troncoso, Pedro Armas Diéguez, Juan José Burgoa Fernández, Josefina Cerviño Lago, José Antonio Fernández de Rota, Anxo Padín Panizo, Manuel Recuero Astray, Javier Sanz Larruga, José Ramón Soraluze Blond, Laura Tato Fontañña e Ramón Yzquierdo Perrín. Agradecer, tamén, a Rosa Méndez Fonte a súa labor de coordinación de tódala complexa organización que supón montar a infraestrutura dun Curso que se realiza cada día nun concello diferente; o seu facer logrou que a dinámica deste Curso chegara a bó porto. Vaia, por último, o noso agradecemento ó profesor José Luis Tasset –compañeiro de despacho– quen, en moitas ocasións, víu invadido o seu lugar de traballo polos materiais propios deste Proxecto.

Desexamos engadir que este segundo libro de «Aulas no Camiño» non pecha a nosa investigación, senón que ésta ten vocación de futuro. No verán do 97 realizamos a nosa investigación ó traveso do Camiño Portugués, e neste momento estamos levando a cabo a recopilación dos estudos realizados, así como a planificación da próxima ruta, que se centrará no Camiño do Norte, que ven dende Asturias a Compostela.

Quixeramos, tamén, destacar que os Camiños de Santiago son unha desas partes do noso patrimonio que, xurdindo dende a memoria histórica, reclaman o seu lugar no mundo actual.



*Aulas no Camiño. 4 - 15 Agosto 1996.*

Non queremos obviar ó referirnos á ilustración da cuberta deste libro. Pertence ó retablo da vida do Apóstolo Santiago, regalado á Catedral compostelana polo clérigo inglés John Goodyear, en torno a 1456. É unha obra de alabastro con mazonería de madeira e policromía. Foi feito en Nottingham, onde se situaban os principais obradoiros. Aínda que nós somentes escollimos unha escea, ó retablo componse das seguintes partes: Vocación de Santiago e Xoan, Misión apostólica, Predicación de Santiago, Martirio de Santiago e Traslación. Parece ser que este clérigo rexía a igrexa de Chale, na isla de Wight, diócesis de Winchester.

Finalizaremos esta introducción cunha suxerencia. Cando, dende a fermosa Praza do Obradoiro, entramos na Catedral de Santiago, atopamos o Pórtico da Gloria que, coa mirada do sorrinte Profeta Daniel, invítanos a introducirmos nese rico e multifacético mundo que contén o templo. Con esta introducción, que quixemos denominar Pórtico, invitamos ó lector a mergullarse nos estudos que, dende moi diversas áreas de coñecemento, se presentan neste libro.

